

COMISIÓN DE ELECCIÓN PRIMARIAS DE AMES NOVO



ACTA Nº3

Reunidos os membros da Comisión: Carlos Villaverde, Fran Parga e Quique Costas

ACORDAN:

1.- Transcorrido o prazo de alegacións á proclamación provisional de candidatas/os para as eleccións primarias sen que se teña producido alegación algunha, proclámanse como candidatas definitivas as que figuran na acta nº2 desta Comisión de data 26 de febreiro.

2.- Definir os medios de Ames Novo postos a disposición das persoas candidatas para a campaña electoral de acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento. Estes consistirán en:

- Convocatoria dun acto de presentación de todas as persoas que se candidatan, organizado pola Comisión Electoral, que se desenvolverá no Pazo da Peregrina ás 20:30 horas do día 1 de marzo, que xa foi comunicado a cada unha delas e publicado nas redes sociais de Ames Novo.
- Publicación dun espazo reservado para cada unha das persoas que concorren á elección, en igualdade de condicións, tal e como establece o Artigo 16, de acordo cos detalles técnicos que se comunicarán a cada unha dela por correo electrónico.
- Publicación dese mesmo espazo no muro de Face Book de Ames Novo.
- Envío no mail circular de Ames Novo no que se darán os detalles de horarios e lugares de votación da ligazón a ese espazo das candidatas.

E para que conste asinan esta acta en Bertamiráns, a 28 de febreiro de 2019

Asdo: Carlos Villaverde

Asdo: Fran Parga

Asdo: Quique Costas